

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
QUINCE DE DECEMBRO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D ^a , MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as dezanove horas do día quince de decembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (22/11/2017).

Queda pendente para o próximo pleno ao non recibir os concelleiros a transcripción da mesma.

2º.- Acordo, se procede, sobre do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2018.

Dáse conta do informe da comisión informativa e plans do día trece de decembro de dous mil dezasete, no que figuran as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS +2018, aprobadas polo Pleno da Deputación con data 29 de setembro de 2017 (BOP núm. 188/17, do 3 de outubro).

Ao abeiro das mesmas, proponse:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2018”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:

B) Financiamento de gastos correntes:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	217.989,04
Subtotal gasto corrente	217.989,04

C) Financiamento de investimentos

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos “financeiramente sostibles”)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Ampliación da rede de abastecemento en San Xián de Sales, Illobre, Marzán e San Pedro de Vilanova	161	213.876,04	176.707,06	390.583,10
Subtotal investimentos achega provincial 2017		213.876,04	176.707,06	390.583,10

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
<i>Proxecto básico e de execución para renovación do céspede artificial dos campo de fútbol de O Coto e San Mamede</i>	193.311,04	79.707,95	273.018,99
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018	193.311,04	79.707,95	273.018,99

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.


G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	0,00		0,00
	Achega 2018	0,00		0,00
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	217.989,04		217.989,04
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	0,00	0,00	0,00
	Achega 2017	213.876,04	176.707,06	390.583,10
	Préstamo 2018	0,00	0,00	0,00



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



D-HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0,00		0,00
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0,00		0,00
	Achega 2017	0,00		0,00
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	0,00		0,00
TOTAL	Achega 2018	217.989,04	0,00	217.989,04
	Achega 2017	213.876,04	176.707,06	390.583,10
	Préstamo 2018	193.311,04	79.707,95	273.018,99
	TOTAL	625.176,12	256.415,01	881.591,13

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
<i>Proxecto básico e de execución para acondicionamento dos vestiarios, a grada e do espazo público en Fontao</i>	933	290.000,00
<i>Proxecto básico e de execución para obradoiro compartido para a elaboración de produtos agrícolas</i>	412	129.306,93
TOTAIS		419.306,93

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



A Presidencia di que xa se debateu en comisión a proposta do grupo de goberno en canto ás obras, e a única modificación no plan complementario é a denominación do “espazo público en Fontao”.

Respecto da extensión da rede de auga di que dende principios de ano traballan para ter un plan director de auga, que xa está practicamente rematado, e en base ao mesmo facer a extensión da rede nesas catro parroquias, xa que dende hai tempo había problemas de abastecemento nalgunhas vivendas, como as de Castro en Illobre; seguir estendendo a rede en San Xián ata chegar a Laraño, en Vilanova ata Vilar, e en Vedra chegando ata Fufín e despois baixar cara Trasariz.

A outra obra é a renovación dos céspedes artificiais dos dous campos de fútbol municipais de San Mamede e O Coto. Son campos cunha altísima actividade, con máis de cen rapaces/as en cada un deles adestrando todas as semanas e están moi deteriorados, xa que teñen máis de dez anos e era necesario renovalos.

En canto ao plan complementario, sinala que ao longo destes meses pódese modificar, variar, etcétera. Non é unha cuestión fixa. Parécelle interesante, primeiro, rematar ese espazo público en Fontao; e por outro lado ese local en San Mamede para o centro de transformación e envasado en relación a produtos agrícolas, porque é un proxecto innovador e interesante. Solicita o apoio a este plan.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que o seu grupo vaise abster porque como sempre o goberno do PP fai as cousas tarde, mal e arrastro; de feito este pleno convocouse sen ter en conta a dispoñibilidade horaria de todos os seus membros.

As obras do POS + sempre van tarde e arrastro. Os traballadores están un pouco canso de que se presente sempre todo a última hora.

Por outra parte quere facer notar que ao seu grupo pareceulle bastante egoísta que non tiveran en conta valorar as propostas que fixeron na comisión. Recalca as súas propostas e espera que as valoren e dálle igual se as meten no Plan Complementario ou no POS +.

As súas propostas son:

- 1.- Rematar a obra do campo de fútbol de Vedra. Consideran que é mellor rematalo para non convertelo nunha lameira e para evitar posibles problemas cos veciños.
- 2.- Reformar o campo de fútbol de San Mamede. Consideran que o do Coto pode esperar para o ano seguinte xa que é máis recente.
- 3.- Construción dunha pasarela en San Xián que vai dende o centro de San Xián ata a parte de atrás da Casa de Cultura, posto que está apartado e o acceso a pé é complicado.
- 4.- Construción dunha senda peonil dende o cruce do Candil en Vedra ata o cruce de Trobe.

Solicita que se valoren as súas propostas, xa que dende o grupo de goberno pídenlle que fagan propostas, que traballen e unha vez que o fan non as teñen en consideración.

O seu grupo absterase porque todo o que sexan obras para os veciños parécelles ben, e por fin comezan co abastecemento, algo polo que levan anos pelexando. Di que lles debería caer a cara de vergoña porque no ano 2011, na campaña electoral, prometeron que en oito anos ían ter o 90% do concello con abastecemento e saneamento.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que van votar en contra. Xa dixo na comisión que este POS + é o espello no que se miran, posto que é unha cuestión política o que se fai con estes cartos porque non están obrigados a presupostalos.

Non dubida que sexa necesario colocarlle o céspede a dous campos de fútbol en Vedra, non cre que sexa unha mala inversión; o problema é que deciden gastar trescentos mil euros en colocarlle céspede a un campo de fútbol a un ano das eleccións, cando o puideron ter feito dun xeito progresivo gastando sesenta/setenta mil euros anuais e non facelo todo xunto. Non teñen ningún pudor en pedir un préstamo, porque ao final é un



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



préstamo a pesares do que din que non hai que devolve-lo. Xa se verá se hai que devolve-lo ou non.

Di que obviamente, a xente virá a Vedra polo céspede do campo de fútbol, e empresas como Persigal e Arturo Álvarez marchan do concello porque non había céspede nos campos de fútbol. Hai uns anos presentáronlle un plan de suficiencia enerxética perfectamente estruturado do que se riron, e con eses trescentos mil euros podían levalo a cabo totalmente e non progresivamente. Con eses cartos podían facer unha planta de fitodepuración piloto no concello, colocar unha central distrital de xeotermia en cada núcleo de poboación con máis de cincocentos habitantes.

Votarán en contra.

A Presidencia contéstalle ao Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, que está a mesturar cousas. Di que son dous campos e que son douscentos setenta mil euros, que probablemente coa adxudicación da obra baixe a preto de douscentos mil euros. Si se pode facer o que dixo o portavoz do PSdeG-PSOE, un ano un campo e outro ano o outro, pero decidiron cambiar os dous xuntos.

Por outro lado, cre que está un pouco fóra da realidade co que se pode facer con douscentos setenta mil euros; poden facer unha obra de saneamento, unha obra de abastecemento ou un asfaltado de pistas, pero non moi grande.

Non cre que por esas cuestións a xente se quede ou se marche de Vedra, ou se fan ou non o plan de eficiencia enerxética marchen as empresas. Considera que iso é un tipo de necesidades que todos os anos vai haber.

Se o aprobaran o ano pasado, dirían que era polas eleccións autonómicas, e se o fixeran para o ano que vén dirán que é polas eleccións municipais. Pregunta cando é entón o momento axeitado.

Cando fala de fixar poboación en Vedra, cre que prestar uns bos servizos deportivos á xente é interesante. Curiosamente no xornal de hoxe sae unha nova na que di que no POS + do concello de Teo aprobaron trescentos catorce mil euros para cambiar o céspede do campo de fútbol de Calo. Supón que crerán que é unha necesidade polo uso do mesmo. Polo tanto non comparte a súa postura.

En canto ao Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE, primeiro quere dar as grazas por poder adiantar o pleno, porque o POS había que presentalo antes do día vinte de decembro, e a hora do pleno vén motivada pola cea do concello. Agradécelles a todos a súa dispoñibilidade, aínda que ás veces non coincida ben. Todos estiveron na oposición e houbo momentos deste tipo e sempre houbo boa vontade por parte do goberno e da oposición para facelo o mellor posible, e é consciente de que ás veces non coincide ben, nin sequera para os membros do grupo de goberno.

En relación ás obras incluídas no plan di que no fondo están propoñendo as mesmas cousas; céspede dos campos de fútbol, rematar a obra do espazo aberto de Fontao, etcétera. Xa lle comentou na comisión que a obra da pasarela de San Xián é un tema que lle interesa moito, e van ver a proposta exacta, valorala e traballar sobre ela. Que non o aproben hoxe, non quere dicir que non o vaian valorar e mesmo poder executar.

En canto á senda peonil nese tramo ata o cruce de Trobe, di que é algo que xa lle solicitaran á Xunta de Galicia.

En canto ao abastecemento de auga di que este ano se lle deu un impulso importante, pero que xa levan feito moito nos últimos anos.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE afirma que con referencia ás obras, que se trata de establecer prioridades. Cre que hai cousas máis importantes en Vedra ca o céspede dos campos de fútbol. As propostas do seu grupo están enriba da mesa e recórdalle que valorar non é ter boas intencións, senón ter orzamentos, traballar man a man. Ofrécelle a



man ao grupo de goberno para o que queiran e di que xa faláron con técnicos da Deputación sobre varias destas obras.

Por outro lado, di que lle choca a comparación con Teo. Pregunta se Teo ten abastecemento e saneamento, ou servizos básicos como o transporte interior. Di que a comparación non ten lugar, cando se trata de dous concellos tan dispares.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que Vedra é un concello que por culpa dunha crise terrible non ten iluminación de Nadal. Compáranse con Santiago e Teo, gastando tanto como Santiago en poñer céspede artificial aos campos de fútbol (trescentos mil euros que foi o que custou o campo de Santa Isabel), cando Santiago ten cen mil habitantes e Vedra cinco mil.

A Presidencia di que recolle o ofrecemento do PSdeG-PSOE respecto da Deputación.

Posta a votación apróbase con sete votos a favor do PP, tres abstencións do PSdeG-PSOE, e dous votos en contra do BNG-AA e o concelleiro non adscrito, Sr. Castro Rocamonde.

3º.- Acordo, se procede sobre conformidade na creación da Asociación de Municipios do Camiño de inverno a Santiago e os seus Estatutos.

Dáse conta do informe da comisión informativa de asuntos xerais celebrada o trece de decembro sobre os Estatutos de *Asociación de Municipios do Camiño de inverno a Santiago*, cuxo domicilio establécese en Priaranza del Bierzo (León), e vai realizar actividades no ámbito correspondente aos municipios polos que transcorre o Camiño de inverno a Santiago, no seu itinerario tradicional polas provincias de León, Ourense, Lugo, Pontevedra e A Coruña.

Os seus obxectivos son:

1º.- Establecer relación de cooperación entre todos os municipios polos que discorre o itinerario tradicional ou Camiño de Inverno a Santiago para a protección e promoción desta Ruta Xacobeá.

2º.- Promover e facilitar cos medios posibles a posta en marcha, de maneira conxunta, de proxectos de interese común en relación co Camiño de inverno a Santiago.

3º.- Colaborar coas respectivas Administracións Autonómicas e coa Administración Estatal nos órganos con competencias na protección e promoción deste Camiño a Santiago, representando e defendendo os intereses propios das entidades locais en todas as políticas relacionadas co Camiño de Inverno.

4º.- Calquera outro que a Asociación considere importante e teña relación directa coa protección e promoción do Camiño de Inverno a Santiago.

Proponse:

1º.- A conformidade na creación da citada Asociación e dos seus Estatutos.

2º.- Designar como representante do concello na Asemblea Xeral ao Sr. Alcalde.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que lles parece ben a proposta, que son uns estatutos estándar e incide no uso dunha linguaxe neutra. Votarán a favor.

Posta a votación a citada proposta apróbbase por unanimidade.

4º.- Moción sobre da importancia do Sector do Mar de Arousa na economía local.



Declárase a urxencia para incluír este asunto na orde do día que é aprobado por unanimidade.

Dáse conta da citada moción na que se expón que o sector primario do mar de Arousa é estratéxico na economía local, polo emprego público que xera: mariscadoras, bateeiros, etcétera, representa o 1,33% da produción total da economía galega, achega o 33% do valor engadido xerado no conxunto do sector a nivel galego e dá traballo, directo ou indirecto, a miles de familias. Esta importancia económica únese ao valor social que adquire nos municipios costeiros, e o seus valor dende o punto de vista etnográfico e gastronómico.

Todo isto pode verse en risco se se compromete a calidade das augas da ría; tamén augas arriba as do Río Ulla, o máis caudaloso e longo dos que alimentan a Ría de Arousa.

A riqueza pesqueira e mariñeira desta zona descansa sobre a riqueza ambiental existente na ría de Arousa e nos ríos que nela desembocan, onde a saúde do Río Ulla ten un papel fundamental, xa que alimenta dun xeito moi importante de sedimentos e nutrientes á ría. Esta riqueza ambiental está amplamente recoñecida, non só por publicacións científicas, senón pola propia lexislación ambiental, destacando a declaración de varios Espazos Protexidos, como son O parque Nacional- Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e A Zona de Especial Conservación Ulla –Deza.

A administración debe velar pola conservación dos espazos protexidos da Ría de Arousa. A reactivación da mina de Touro aumentará a drenaxe de contaminantes cara a cunca do Ulla, afectando irremisiblemente á riqueza ambiental da ría, e consecuentemente á riqueza económica que sustenta.

O pasado 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto da explotación mineira de cobre San Rafael, nº 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino, na canle media do Río Ulla.

Este xacemento foi explotado anteriormente entre 1970-1986 deixando unha grande superficie cuberta por entullos, balsas de lodos...etcétera, e trinta anos despois non se restauraron todas as superficies afectadas, provocando no entorno unha forte contaminación dos solos e das augas.

Co novo proxecto van actuar durante dezaseis anos e medio sobre 689,65 hectáreas das 1.827 que ocupa a concesión, en dez ocos mineiros a ceo aberto dos que se prevé extraer 267,10 millóns de toneladas de materiais. Nos primeiros tres anos vanse verter ata mil millóns de litros anuais de augas, que despois de ser utilizada no tratamento químico necesario para precipitar os metais, será vertida ao Dominio Público Hidráulico, e os lodos almacenaranse en dúas balsas, unha cunha capacidade de 34 millóns de toneladas, e outra permanente formada entre as cortas de Arinteiro e Vieiro (Lagoa de Arinteiro e Vieiro) cunha capacidade de 69 millóns de toneladas, e debido a que estes son os residuos máis perigosos, por ser xeradores de drenaxes acedas mobilizadoras de metais, vanse almacenar en depósitos, ademais de proxectar unha entulleira de estériles potencialmente xeradores de ácidos cunha capacidade de 58 millóns de toneladas e diversas entulleiras para os estériles non inertes con menor capacidade de mobilización de metais.

Dado que a empresa non garante dabondo que os metais tóxicos, os reactivos das augas do proceso, as lixivacións das cortas e das entulleiras non vaian afectar ás augas e sedimentos do Río Ulla, polo que os concellos situados río abaixo da mina poden verse afectados pola contaminación das augas do río nas captacións de auga potable.

A execución deste macro-proxecto pon en risco a principal área de produción de moluscos da UE, a Ría de Arousa, as captacións de auga potable dos concellos de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Vedra, Boqueixón, Teo, Padrón, Dodro, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Pontecesures, Valga, Catoira e Vilagarcía de Arousa, e tamén os valores naturais protexidos como o ZEC Sistema fluvial Ulla –Deza e o Humidal Ramsar Complexo Intermareal Umia –Grove –Carreirón

Por todo o exposto , os distintos sectores do mar de Arousa teñen solicitado á Consellería do Mar e á Consellería de Economía, Emprego e Industria a retirada do proxecto de explotación da mina de San Rafael de Touro –O Pino, e propoñen ao Pleno Municipal de Vedra que acorde:

1º.- Instar ás Consellerías do Mar e de Economía, Emprego e Industria que se desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto presentado coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos ESO14PEAEGAL-19, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429.5

2º.- Instar á Xunta de Galicia para que promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados, para como mínimo asegurar que esta explotación non compromete a calidade ambiental do Río Ulla e da Ría de Arousa.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que a moción é da Asociación en defensa da ría de Arousa e que a asume como propia.

Sinala que o texto expositivo non é un texto de carácter político e está construído de tal maneira que non supoña ningún agravio para ninguén e parécelle xusto e correcto.

Cre que a exposición de motivos puramente técnica non é inadecuada como se falou na comisión informativa. Cre que é unha cuestión transversal que non ten que ver coa política.

Solicita o voto favorable, e que a mesma actitude que se teñan neste pleno se manteña nos seguintes porque será un camiño longo o que haberá que percorrer para evitar esta barbaridade.

A Presidencia di que deben incluír na moción “riqueza piscícola, pesqueira e marisqueira”. Votarán a favor.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que votarán a favor e quere facer constar que están en contra do proxecto actual que se está levando a cabo, a explotación de San Rafael nº 2946; pero non pechan as portas a posibles proxectos futuros, sostibles e dentro da legalidade porque sempre poden traer riqueza para os veciños. Ademais, solicita que se faga unha declaración institucional no caso de que se aprobe por unanimidade.

Posta a votación a citada moción, apróbbase por unanimidade dos asistentes.

5º.- Moción para revogar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25/10/2017, no punto 2º da orde do día “Aprobación inicial, se procede da Relación de Postos de Traballo (RPT) do persoal municipal”.



Proponse a declaración de urxencia para incluír a moción na orde do día do pleno.

A Presidencia di que votarán en contra da urxencia.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que votarán a favor.

Posta a votación, rexítase con sete votos en contra do PP, e cinco votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, fai entrega da moción para a súa presentación e debate no pleno seguinte, e dado que votaron en contra e está en prazo de reclamación a aprobación inicial da modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), presenta ao Sr. Alcalde reclamación ao respecto.

A Presidencia responde que ten que presentala por rexistro.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA no pleno de outubro a Presidencia responde:

1º.- Respecto do centro de día, que en maio do ano 2006 hai unha memoria da alcaldía (Odón Cobas) que di textualmente: “ por parte da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar tense prevista a posibilidade de implantar en Vedra un centro de día para a terceira idade. Ao mesmo tempo existe interese en construír unha residencia privada. Considérase que a construción dos dous centros no mesmo lugar é o máis axeitado para os intereses municipais. Non obstante para iso débese dispoñer dos terreos suficientes e adecuados a tal fin. Terreos dos que este concello non dispón nestes momentos... Valórase moi positivamente a posibilidade de aceptar a cesión dos terreos necesarios para construír o centro de día así como a recualificación dos mesmos... Por todo o exposto e para a consecución do citado fin proponse a incorporación destes terreos ao PXOM de Vedra como solo dotacional”.

Así é como no ano 2006 se asina con Amparo Candal, un convenio polo que se cualificaría no PXOM unhas parcelas da súa titularidade como solo dotacional público e privado, cedendo a titular ao concello, con data 16/05/2006, un total de 6.000 m² para dotacional público, e o resto, 10.000 m² xa se quedaba a titular para dotacional privado. A idea era un complexo asistencial onde había un centro público de día e unha residencia privada da terceira idade. Este é o único convenio asinado que existe.

No ano 2008 tramitouse o plan especial de infraestruturas e dotacións que foi aprobado definitivamente a mediados do ano 2009.

En marzo de 2009 aprobouse a parcelación da finca e o obxecto do dotacional nos termos acordados con dona Amparo Candal. Iso é o que hai e non hai nada máis con ninguén.

Non existe convenio entre a Xunta de Galicia e o concello. Cre que tampouco había unha dotación orzamentaria na Xunta de Galicia para iso e non hai ningún proxecto do centro de día.

Di que non dubida da boa vontade de Anxo Quintana e Pilar Candocia en relación a estas cuestións.

Cando chegan ao goberno a mediados do 2011, xa en plena crise, tampouco hai ningún convenio dende ese momento ata o de agora.

Agora mesmo están pelexando a anulación da inscrición en rexistro porque entende que a finca é do concello e seguirá sendo do concello. O concello non incumpriu ningún



convenio nin devolveu parcela algunha. O que hai é unha persoa, que de forma malintencionada, inscribe unha parcela sabendo que non é da súa propiedade. O que pretende é que se anule esa inscrición o máis pronto posible.

2.- Respecto da pregunta sobre Correos a Presidencia di que xa está contestada e aclara que o horario oficial foi sempre de 8:30 a 10:00 horas e que o feito de que algún carteiro estea alí ás 13:30 horas non significa que sexa o horario oficial.

3.- Sobre as obras do campo de fútbol de Vedra sobre se consultaran coa xunta directiva, a Presidencia di que se consultou coa última xunta directiva na que hai votantes de todas as cores políticas.

4.- Respecto á pregunta de quen é o avogado di que é Roibás e que se pretende anular a inscrición no rexistro a nome do particular e que cando haxa novidades ao respecto informará.

5.- Sobre a RPT elaborada pola Deputación no seu momento, di que foi na época de Odón Cobas e que preguntou e non hai aberto ningún expediente sobre ela.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que chegara un borrador pero que non se tramitou.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregunta como é posible que chegase unha RPT gratuíta da deputación e decidiran non acollerse a ela para uns anos despois pagala con cartos públicos.

A Presidencia replica que o seu partido non gobernaba cando iso pasou e que preguntará na Deputación cando foi. Garántelle que non foi estando o seu partido no goberno.

6.- Respecto do palco de música de Vedra di que toman nota.

7.- Sobre os problemas coa telefonía no concello responde que non existe ningún problema.

8.- Respecto ao PAES responde que xa tiveron a xuntanza o outro día.

9.- Sobre os datos da APLU di que queda para o próximo pleno.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA para dicir que lle queda pendente a pregunta sobre o tema dos salarios, ao que a Presidencia responde que o levará a comisión directamente.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE sobre as dúas facturas de 24.974 e 24.950 € respectivamente, pagadas a Construcciones Luís y Alfonso pola construción de aula de infantil no CEIP de Santa Cruz de Ribadulla, cédelle a palabra ao Sr. Secretario que di que a lei de contratos do sector público no artigo 138.3 establece como contratos menores os de importe de ata 50.000 € en obras. Estas obras non requiren de tres plicas. Requiren aprobación de gasto, existencia de crédito e un orzamento ou proxecto, establecido no artigo 111 da mesma lei; polo tanto é correcta desde o punto de vista legal.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1.- Sobre os puntos negros de Vedra, primeiro quere aclarar que eses centros si teñen auga xa hai tres/catro anos. Si considera a zona do colexio un punto negro e por iso están traballando para poder comezar a resolver os problemas da parroquia de Vedra ao longo de 2018.

2.- Respecto á campaña sobre a campaña de loita contra a avéspera velutina cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que agradece a preocupación pola praga que afecta ao concello, ao mesmo tempo que agradece a proposta e di que pronto terán algunha reunión na que irán deseñando todas as accións a levar a cabo (campañas, charlas, talleres, etcétera) e contan coa súa colaboración e coa de todos.

3.- Sobre a pregunta sobre o cumprimento da Lei de accesibilidade nos locais públicos do concello, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que responde que é certo que os locais deberían ser accesibles para todo tipo de persoas e que hai locais que non compren algúns criterios; pero tamén é certo que naquelas obras de nova construción que se fan xa se está a actuar de acordo a esta lei. No caso do ascensor da Casa de cultura de Santa Cruz, o que lle din os técnicos é que o problema vén de que no se día non se instalaron ascensores axeitados, son máis ben montacargas ou algo mixto, polo motivo que fose (custe elevado, etcétera) e agora para adaptalos a esta Lei de accesibilidade necesitan importantes reformas, revisións, homologacións que supoñen uns custes elevados.

Noutros casos cambiaron as normativas e hai que adaptalos á normativa vixente e nalgúns casos incluso hai imposibilidade de facer esas adaptacións e homologacións, o que supón ter que retirar eses ascensores e instalar novos aparatos.

Neste sentido, sinala que tamén é certo que están traballando nisto, e nalgúns reformas que se fixeron en edificios municipais xa se contempla a accesibilidade para todas as persoas. Neste ano 2017 elaborouse un plan municipal de accesibilidade que na medida das posibilidades e en función das prioridades, tratarán de ir levando a cabo.

Hai que ter en conta que o custe dalgúns destas intervencións é moi elevado e terán que darlle prioridade a aquelas máis urxentes, pero pouco a pouco tratarán de ir mellorando a accesibilidade de todas as persoas.

4.- Sobre o rogo respecto ao Antigo Xulgado das melloras propostas di que toman nota.

5.- Respecto á obra do campo de fútbol de Vedra di que a pista de rodadura xa se pode usar e non leva ningunha capa máis. Agora queren facer de xeito inmediato o axardinamento de arredor, poñer a luz, habilitar unha zona de paso para que a xente non se enlame e buscar unha maneira provisional de evitar que entren os coches de xeito que non sexa unha barreira visual, xa que o peche definitivo pode tardar meses e teñen que buscar unha forma provisional de evitar iso.

6.- Sobre o local da Asociación Agarimo de San Fins, contesta que o martes ten unha reunión coa presidenta da mesma. Di que el saiba levan tempo usando, e teñen chaves, de polo menos dous locais do edificio da escola de San Fins. Mesmo a súa filla foi alí a clases de baile durante ¾ anos ao local anexo á escola.

7.- Respecto aos comentarios sobre a páxina web do concello di que discrepa dos mesmos, aínda que si recoñece que necesita unha volta e mellora.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a presidencia responde:

1.- Sobre o comentario que circula por aí respecto ao contrato asinado polo vagón di que non é certo. O contrato non é lesivo e foi consultado á Secretaría.

2.- Respecto ao departamento de novas di que debe tratarse dun erro, porque é o servizo de novas o que leva en funcionamento hai anos.

O servizo de comunicación, prensa, redes sociais, novas e todo iso está coordinado pola traballadora Silvia Couto e está reflectido nas súas funcións e é a responsable de comunicación.

3.- Sobre a Asociación Amigos da Camelia e Casa dos peóns responde que queda para o pleno seguinte, aínda que lle adianta que non vai haber problema en velo en comisión, e matiza que aínda que o Alcalde sexa o presidente, son asociacións e ten que trasladar esa petición ás respectivas xuntas directivas.

4.- Respecto ao plan de defensa contra incendios, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que afirma que na medida do posible e cos medios dos que se dispón, a intención e facelo canto antes.

5.- Sobre o expediente de reposición da legalidade di que se intentou notificar dúas veces e das dúas o denunciado non recolleu a notificación. Visto iso, pasouse a facer a notificación no taboleiro de edictos único, cos seus trámites e tempos. Xa se realizou e pasados os prazos non consta alegación algunha e continuarase coa tramitación do expediente.

6.- Respecto á accesibilidade do vagón de tren di que esa é a razón polo que a porta traseira está arrimada ao “muelle” de atrás para que se acceda á cota a través del. Están buscando facer un acceso máis accesible a través de aí.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, replica que a accesibilidade non se refire só á entrada ao vagón; ao que a Presidencia contesta que xa sabe que se refire tamén ao interior e que os arquitectos xa viron o tema e teñen previsto que dentro sexa accesible na maior parte das súas zonas, aínda que reconece que a dificultade máis grande é a porta exterior traseira.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA a Presidencia contesta:

1.- Sobre a pista de rodadura di que se pode usar perfectamente coa bicicleta, que xa a probaron e non apareceu ningún problema. Sobre o resto do acondicionamento da zona di que xa está contestada.

2.- Respecto ao transporte con Boqueixón e Santiago, di que están niso, cun matiz. Estivo o Sr. Lema Mougán nunha reunión en Santiago sobre o tema, e Santiago non modifica as frecuencias que ten cara esta zona de aquí.

3.- Sobre o PAES di que xa tiveron unha reunión o outro día ao respecto e xa está aclarado.

7º.- Rogos e preguntas.



Neste momento incorpórase o Sr. Barreiro Gómez do PSdeG-PSOE.

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que o ano pasado quedaron de revisar ao final do presente exercicio se a Deputación ía diminuír, con respecto ao 2016, os cartos que se recibían; aparte de ser a mesma Deputación ca no 2016, faise con criterios de máxima transparencia en base a criterios de poboación e extensión territorial. Cre que pretendían cuestionar a xestión que está facendo a Deputación, da que se senten orgullosos.

Espera que traia eses datos ao próximo pleno.

--Respecto á obra adxudicada de maneira directa a Construcciones Luís y Alfonso considera que será legal, pero pregunta se no POS que acaban de aprobar, os cartos que ingresan da Deputación respecto ao 2018 (200.000 €) dedícaos a gasto corrente porque ten outras vantaxes xa que non hai que presentar proxecto e así despois o concello adxudica as obras con tempo e cre que iso o favorece para adxudicar directamente. O que cuestiona é falta de igualdade de oportunidades, xa que se adxudica directamente vai adxudicar aos seus amigos. O que quere é que faga coa máxima transparencia e poidan concorrer máis empresas en igualdade de oportunidades.

O procedemento moi transparente non lles parece e pregunta se iso non se debería publicar no portal de transparencia.

--O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE afirma que lle fai gracia cando fala dos puntos negros, a habilidade que ten para converter unha pregunta incisiva nunha microcampana favorable. Cando formulou a pregunta non se refería ao abastecemento, senón ao saneamento. Preguntaba polos puntos negros do saneamento en Vedra, e non só da parroquia, senón de todo o concello. Pregunta cales son os puntos negros que considera o grupo de goberno.

--Que porcentaxe dese 90% que prometeron en campaña de abastecemento e saneamento está feito? Di que lle pode dar os datos en porcentaxe, quilómetros, etcétera.

--Sobre a páxina de youtube considera que se fixo para darlle un uso e chócalle ver que non está subido o pleno do mes de novembro.

--Respecto á moción sobre a Ría de Arousa aprobada hoxe en pleno pregunta se se vai facer unha declaración institucional ou non.

--Sobre a nota de prensa que se vai presentar respecto á mina de Touro-O Pino gustaríalle que no primeiro punto quedara claro que se refire ao proxecto actual.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que o POS + do PP vai de campos de fútbol e boa en falta o campo de F-7 en San Miguel de Sarandón na leira de Marcelino que é un proxecto que leva no caixón case dende que chegaron ao goberno. Di que podería incluír obras como rematar as obras inacabadas do campo da festa de San Miguel de Sarandón. Espera que non lle responda que non se fai investimento nesa parcela porque aínda non é propiedade do concello, porque tampouco é propiedade do concello o vagón de tren de santa Cruz e van investir 100.000 € de todos na primeira fase.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



--Pregunta se o Alcalde está en condicións de asegurar se ese espazo de coworking que está proxectado no vagón de Santa Cruz, non vai resultar beneficiado ningún parente directo en primeira liña de parentesco de ningún deputado/a do PP.

--Sobre a adecuación da aliñación da vía xunto ao campo de fútbol de Vedra resultante das obras realizadas no mesmo, resulta que están sen acondicionar. Hai un poste da luz que agora queda no medio da vía, perigoso e con grave risco de provocar accidentes. Considera que estas actuacións tiñan que estar previstas antes ou cando menos no proxecto de execución das obras. Non lle vale que argumente que o poste é cuestión de Fenosa e que están a espera ou se está tramitando, porque xa o sabían antes de tirar o peche e comezar as obras. Roga que se arranxe ese problema.

--Hai un informe xustificativo do retorno do investimento no proxecto de restauración no vagón de tren instalado en Santa Cruz?

--Hai meses que lle pediu en reiteradas ocasións, en pleno e por escrito, o certificado de devindicación das remuneracións que percibiron os concelleiros do PP durante os anos 2015 e 2016, e xa lle pode dar os do 2017. Vaillos facilitar ou ten que pedilos a través da Valedora do Pobo?

--Respecto ás parcelas que están xunto á nave do concello en Xián di que se parece moito a M. Rajoy cando se refire a un tal Bárcenas porque evita nomear a esa persoa que a día de hoxe ten as propiedades inscritas ao seu nome ou nunha sociedade coa cal ten algún tipo de vínculo. Pregunta se nalgún momento tivo negociacións con esa persoa en canto á posibilidade de desenvolver proxectos público-privados.

--Pregunta se aprobou en pleno algún documento que o resto dos grupos políticos non viron ou declarou a independencia en Vedra porque están fuxindo empresas do concello. Cal é o motivo? Ten que ver coa incompetencia e covardía de estar prometendo ano tras ano, lexislatura tras lexislatura, campaña electoral tras campaña electoral, unha modificación do PXOM que nunca chega?

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA solicita que funcione o streaming e que o youtube do concello sexa accesible e suban os plenos dous días despois de que se celebren. Di que non serve para nada ter un usuario de youtube ao que é imposible acceder e ao que se tarda dous meses en ver un pleno.

--Pregunta ao Sr. Secretario se o portal de transparencia é obrigado, ao que este responde que si. Roga que o utilicen se é obrigado.

--Solicita que constrúan un campo de F-7 en San Miguel de Sarandón, non vaia ser que ao final tiveran razón e fose para un aparcadoiro para a Festa do Viño. Rógalle que cumbran a promesa.

--As últimas choivas deterioraron o aglomerado do velódromo recentemente construído? De ser certo que está deteriorado, considera que este deterioro pode ser debido a causa dunha adxudicación de obra en baixa temeraria?

Conclúe ao fío das vinte horas e corenta e cinco minutos.